

Amigos e amigas.

Representantes das institucións culturais, sociais e políticas da Galiza.

Douvos a benvinda en nome do Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua galega.

Honramos hoxe con este acto a Rosalía de Castro no aniversario do seu nacemento. Vimos ao Panteón de Galegos Ilustres para celebrarmos a Nosa poeta no seu día, no Día de Rosalía de Castro, para reivindicar un ano máis un Panteón de Galegos Ilustres laico, de acceso público e titularidade pública. Hoxe fanse oito anos desde que iniciamos a nosa reivindicación. Non só da apertura deste lugar tan simbólico para os galegos e galegas, dado que ao tempo convocamos a facer por toda a Galiza actos de reencontro coa súa obra e que este día, o do seu nacemento, sexa recoñecido coma o Día de Rosalía de Castro.

Hoxe, máis de 55 concellos declararon xa en pleno este día como Día de Rosalía de Castro, así como tres das catro Deputacións Provinciais. Nestes días están a facer actos os diversos colectivos culturais das máis diversas maneiras.

No ensino, están a levedar actos e actividades do estudantado, das máis novas e novos, tendo como referente a obra de Rosalía de Castro, e coas máis diversas formas de creación, como corresponde a este seu tempo: isto énchenos de esperanza.

Aínda que seguimos a ter que lle pedir permiso ao Arcebispado de Santiago para hoxe estarmos aquí celebrándoa, dándolle o achego e calor humana, o noso respecto, dándolle voz ás súas palabras; temos o convencemento de que faremos mudar a actual situación.

Pensei cal era a situación hai oito anos e relín as miñas palabras daquel día no que, dende a da Adina, na súa honra fixemos *«a reprodución traída ao presente, daquel cortexo fúnebre que o 25 de maio de 1891 recoñeceu publicamente e sen prexuízos a valía humana e a excelsa calidade literaria de quen asumiu para si, por vontade propia, a voz do pobo, aquel que guiou o seu pensamento e escrita literaria.»* Como naquel entón, o tren que partindo da estación da Matanza fixo o mesmo percorrido para chegarmos até a estación de Santiago de Compostela onde un cortexo cívico e reivindicativo nos trouxo a este Panteón de Galegos Ilustres, a este espazo físico de tan alto valor simbólico identitario. É importante lembrarmos aquel 25 de maio de 1891 no que tivo lugar a translación dos restos mortais de Rosalía de Castro por iniciativa do Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País de Santiago. Esta translación formou parte dun empeño por honrar e homenaxear a figura dunha muller e a súa obra fundacional. É necesario lembrarmos, para non desistir no noso labor de reivindicar este como o seu día, *«A morte e o enterro de Rosalía de Castro o 15 de xullo de 1885, hai cento*

trinta e tres anos, "aconteceron nunhas circunstancias de marxinação, pobreza e indiferenza social" que hoxe seguen a nos mancar e deben acender as nosas consciencias.»

A crónica daqueles amargues días lévanos ás palabras doridas de Rodríguez Seoane, que nos sobrecollen e que lembro:

O seu enterro cremos que non teña sido mais que a soidade que para moitos precede á tumba. Que doloroso é patria miña, o camiño que aínda despois de mortos teñen que percorrer teus fillos ilustres.

A súa humilde tumba na terra do cemiterio da Adina non tiña nin lápida nin cruz a un mes da súa inhumación, e o Arcebispo de Santiago negou a licenza para predicar a oración no acto fúnebre en honor de Rosalía de Castro.

Así hoxe, 24 de febreiro de 2018, vimos aquí a Bonaval, oito anos despois, «*en honra á poeta que coas súa mans luminosas coa súa palabra sostivo a lingua galega contra o silencio, fillo dunha escuridade de séculos. Para que non poida ser cuberta a súa obra por un sudario de silencio.*»

Vimos coma aqueles admirábeis homes e mulleres que a trouxeron aquí, a unha igrexa desamortizada, e que non toleraron que fora marxínada e que a ergueron como bandeira de todo un pobo a se redimir. Como naquel entón vimos honrala e reivindicala no día do seu nacemento.

Vimos hoxe e viremos unha e outra vez a San Domingos de Bonaval porque non nos resignamos.

Vimos e viremos ate que haxa unha situación de normalidade para os nosos símbolos nacionais, aqueles nos que o noso pobo se recoñece e que simbolizan a nosa identidade.

Vimos e viremos para que Bonaval non sexa unha prisión de indiferenza e hostil anulación.

É por isto que hoxe convidamos a abrir as fiestras a Rosalía de Castro, como nos convoca María Reimóndez no seu manifesto.

É excepcional que un pobo atope unha soa persoa capaz de acrisolar todo un corpus humano tan complexo e completo culturalmente; é excepcional que a historia dunha nación deposite no fráxil corpo dun só ser humano todo o seu peso, o peso do seu destino.

Ese ser é unha muller, unha poeta, Rosalía de Castro.

*Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en
Lingua Galega.
Bonaval, 24 de febreiro de 2018*